



ACTA Nº 2024/3

Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación

Sala de sesións da casa do Concello, mércores 27 de marzo de 2024

No día de hoxe, ás 09:00 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se as concelleiras e concelleiros que se indican, coa asistencia do secretario que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Ordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

D.^a Mónica Rodríguez Ordóñez

ASISTEN:

PSOE

D. Víctor Manuel Muíño Ramos

D.^a María José Pose Pérez

D. Miguel Angel Pérez Méndez

D.^a Rosa Blanco Lema

D. Manuel Pose Tomé

D. Sergio Miñones Oanes

D.^a Beatriz Pazos Nimo

D.^a Josefa Campos Villar

BNG

D. Benjamín Queiro Pérez

D.^a María Lorena Suárez Pazos

GRUPO MIXTO-PP

D. José Manuel Rodríguez Blanco

AUSENCIAS:

PSOE

D. Mario Andujar Mouzo

SECRETARIO/A:

D. Francisco Javier Novoa Juiz

INTERVENTOR/A:

D. Francisco Fernández Armada



Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión.

Procédese a tratar os asuntos incluídos na:

ORDE DO DÍA

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 8 de febreiro de 2024.

2º. Ditame sobre modificación da Ordenanza Fiscal núm. 16, reguladora do imposto sobre construccions, instalacions e obras. Exp. 2024/G016/000001.

3º. Ditame sobre moción do Grupo Municipal do PSdeG-PSOE referente ao apagamento durante unhas horas de luces e música das atraccións nas festas locais para facilitar a asistencia de nenos/as e adultos con trastorno do espectro autista, problemas auditivos ou sensibilidade visual.

B) Sección de control

4º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidencia.

5º. Dación de conta da aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2023.

6º. Dación de conta da xustificación das aportacións por parte do Concello aos grupos políticos municipais no ano 2023.

7º. Mocións de urxencia.

8º. Rogos e preguntas.

A continuación comeza o debate plenario da orde do día:

A) Sección resolutiva

1º. Aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o 8 de febreiro de 2024.

En cumprimento do disposto no artigo 91.1 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Sra. alcaldesa pregunta se algún membro da Corporación ten que formular algunha observación á citada acta.

Interven o concelleiro do BNG, Sr. Queiro Pérez para indicar que na acta, concretamente no punto 9º de Rogos e Preguntas, cometeuse un erro e por tanto, onde dí:



"En relación con dous camiños rurais, o lugar de Campo, Bamiro e Orbellido, A Piroga hai que arranxalos por demanda de 15 veciños".

Debe dicir:

"En relación con dous camiños rurais, o lugar de Campo, Bamiro e Orbellido, **parroquia de Baiñas** hai que arranxalos por demanda de 15 veciños".

Ao non manifestar máis observacións sobre a mesma, queda aprobada por unanimidade dos presentes, a acta da sesión celebrada o 8 de febreiro de 2024, coas modificacións indicadas.

2º.- Ditame sobre modificación da Ordenanza Fiscal núm. 16, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras. Exp. 2024/G016/000001

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión de Contas, Facenda e Orzamentos o 22 de marzo de 2024, que se reproduce a continuación:

"1. Proposta de ditame sobre modificación da Ordenanza Fiscal núm. 16, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras. Exp. 2024/G016/000001

Dáse conta da proposta da Alcaldía, de data 19 de marzo de 2023, que se transcribe literalmente:

"PROPOSTA DE ACORDO

Asunto: modificación da Ordenanza Fiscal núm. 16, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras. Exp. 2024/G016/000001.

Faise necesario modificar o artigo 6º da Ordenanza Fiscal núm. 16, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, referente a bonificacións e deducións, co fin de sumprir os requisitos relacionados co empradoramento e o reparto de puntos, co fin de que se poida obter a bonificación de xeito postestativo e rogado por parte dos suxeitos pasivos afectados polo imposto directo do ICIO.

O texto a modificar, sería o contido íntegro do artigo 6º da citada Ordenanza, publicada no BOP núm. 61, do 2 de abril de 2018 e que dí o seguinte:

"Artigo 6.º.-Bonificacións e deducións.

6.1.- Establécese unha bonificación do 40% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais ou histórico artísticas que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ó Pleno da Corporación e acordarse, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

6.2.- Establécense bonificacións por concorrer circunstancias de fomento do emprego de ata o 95% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que se realicen no Parque

Empresarial de Vimianzo; ou que sexan realizadas por agricultores ou gandeiros e que queden afectas a dita actividade durante un prazo de dous anos dende o remate das obras.

Para ter dereito a esta bonificación alomenos o 30% do orzamento de execución material da construción, instalación ou obra debe ser realizada por empresas con domicilio fiscal en Vimianzo con unha antigüidade superior a dous anos. As bonificacións que se establecen son as seguintes:

a) Cando o suxeito pasivo do imposto teña o domicilio fiscal en Vimianzo cunha antigüidade de mais de 2 anos, e mais do 50% do seu persoal estea empadroados en Vimianzo, a bonificación será do 95% da cota do imposto.

b) Cando o suxeito pasivo do imposto cree novos postos de traballo (contratos de carácter indefinido con persoas que non tiveran relación laboral co promotor nos últimos dous anos) coa contratación de persoas empadroadas en Vimianzo, a porcentaxe da bonificación determinarase en función do orzamento de execución material e do número de novos postos de traballo creados, de acordo coa seguinte táboa:

Puntuación dos requisitos

Orzamento de execución material	Puntos	Postos de traballo de nova creación	Puntos
Ata 150.000€	1	1	4
De 150.000,01 a 200.000€	2	2	5
De 200.000,01 a 250.000€	3	3	6
De 250.000,01 a 300.000€	4	4	7
Máis de 300.000€	5	5 ou máis	8

Porcentaxe de bonificación

Puntos	% Bonificación
5	50%
6	60%
7	70%
8	80%
9	95%

A declaración de interese ou utilidade municipal corresponde ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do interesado, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Coa solicitude da bonificación deberá achegarse unha memoria explicativa da construción a realizar e da iniciativa empresarial proxectada, na que se inclúa unha estimación do orzamento de execución material, pormenorizando aqueles aspectos relacionados coa creación de novos postos de traballo. No caso dos agricultores e gandeiros, deberán acreditar a súa condición.

6.3.- Establécese unha bonificación do 50% da cota do imposto, por concorrer circunstancias de carácter cultural e histórico, a favor das obras de rehabilitación de vivendas e edificacións tradicionais ou de singular valor arquitectónico, que supoñan a recuperación do uso residencial das mesmas, sempre e cando alomenos o 30% do orzamento de execución material das obras sexa realizada por empresas con domicilio fiscal en Vimianzo cunha antigüidade superior a dous anos.

Considerase edificacións tradicionais aquelas que cumpran dúas condicións (art. 33 Decreto 143/2016, polo que se aproba o regulamento da Lei do Solo de Galicia):

- a) Que sexan identificables nas fotografías aéreas do «voo americano» do ano 1956.
- b) Que teñan unha estrutura recoñecible como tradicional da arquitectura popular de Galicia.

Coa solicitude da bonificación achegarase unha copia do proxecto de obras obxecto da licenza urbanística solicitada, xunto cunha declaración responsable do cumprimento dos requisitos para obter a bonificación, así como o compromiso de presentar o certificado final das obras e as facturas polo custe total das obras ao seu remate.

A declaración de interese ou utilidade municipal corresponde ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude dos interesados, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.

A nova redacción do artigo 6º da dita Ordenanza, quedaría do seguinte xeito:

"Artigo 6.º.-Bonificacións e deducións.

Establécese un beneficio fiscal do 95% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ó Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Establecese unha bonificación do 95% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que se instalen no Polígono Industrial de Vimianzo. A declaración de interese ou utilidade municipal corresponde ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do interesado, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros. Coa solicitude deberá achegarse unha memoria da construción a realizar e memoria da iniciativa empresarial proxectada pomenorizando aqueles aspectos relacionados coa creación de novos postos de traballo.

Establécese unha bonificación do 95% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións, ou obras realizadas por agricultores ou gandeiros que queden afectas a dita actividade, sempre e cando a mesma sexa o medio fundamental de vida do solicitante da bonificación. A declaración de interese ou utilidade municipal corresponde ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude dos interesados, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros. Coa solicitude deberá achegarse a acreditación da condición de agricultor ou gandeiro, así como de que os



ingresos por estas actividades supoñen máis do 50% da totalidade dos seus ingresos brutos, así como da afección da obra ou instalación á realización de dita actividade.”

Consta no expediente o informe emitido polo secretario xeral, asinado na data do 18 de marzo de 2024, que dí o seguinte:

“INFORME XURÍDICO:

ASUNTO: MODIFICACIÓN ORDENANZA FISCAL NÚM. 16. ICIO.

EXPTE: 2024/G016/000001.

Emítese este informe xurídico, no seo das funcións reservadas ós secretarios de habilitación nacional, respecto ó asesoramento legal preceptivo, conforme ó disposto no artigo 92.bis da LBRL; no artigo 173 do ROF e 54 do TRRL, así como o artigo 3.3.d).1º do Real Decreto 128/2018 de 16 de marzo.

Lexislación Aplicable:

- Constitución Española - CE-.
- Ley 7/85 de 2 de abril - LBRL-.
- Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril- TRRL-.
- Real Decreto 2568/86 de 28 de novembro- ROF-.
- Lei 39/2015 de 1 de outubro - LPACAP-.
- Lei 5/97 de 22 de xullo - LALGA-.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo – TRLHL-.
- Lei 58/2003 de 17 de decembro – LXT-.

Consideracións Xurídicas:

PRIMEIRA.- Plántexase a necesidade da modificación da ordenanza fiscal citada, suprimindo os requisitos relacionados co empadramento e o reparto de puntos sito no seu artigo 6, e incluídos no ano 2018, co fin de obter a bonificación prevista, de xeito potestativo e rogado por parte dos suxeitos pasivos afectados polo imposto indirecto do ICIO.

Dita bonificación, está suxeita dado o seu carácter potestativo segundo o artigo 103.2.^a) do TRLFL, ó seu reflexo nunha ordenanza fiscal local.

A nova redacción proposta do artigo 6º da Ordenanza fiscal núm. 16, quedaría dos seguinte teor:

“Artigo 6.º.–Bonificacións e deducións.

Establécese un beneficio fiscal do 95% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ó Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.



Establecese unha bonificación do 95% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que se instalen no Polígono Industrial de Vimianzo. A declaración de interese ou utilidade municipal corresponde ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do interesado, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros. Coa solicitude deberá achegarse unha memoria da construción a realizar e memoria da iniciativa empresarial proxectada pormenorizando aqueles aspectos relacionados coa creación de novos postos de traballo.

Establécese unha bonificación do 95% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións, ou obras realizadas por agricultores ou gandeiros que queden afectas a dita actividade, sempre e cando a mesma sexa o medio fundamental de vida do solicitante da bonificación. A declaración de interese ou utilidade municipal corresponde ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude dos interesados, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros. Coa solicitude deberá achegarse a acreditación da condición de agricultor ou gandeiro, así como de que os ingresos por estas actividades supoñen máis do 50% da totalidade dos seus ingresos brutos, así como da afección da obra ou instalación á realización de dita actividade.

En todos estes supostos, nos que se establece unha bonificación, indicar que se deducirá da cota bonificada o importe satisfeito ou por satisfacer en concepto de taxa por outorgamento de licenza urbanística requirida para realizar dita actuación"

Esta actuación incardínase na potestade tributaria das EELL, como manifestación da potestade regulamentaria local no ámbito fiscal (art. 4 da LBRL y Ley 8/89 de 13 de abril).

De feito, xa o artigo 133.1 da CE, dacordo ó principio de autonomía e suficiencia financeira recollido no artigo 142, reconece a potestade derivada de establecer e esixir tributos por parte das Coporacións Locais, impoñendo no seu epígrafe terceiros, a reserva de lei para os beneficios fiscais como é o caso que nos ocupa, que impide un desenrolo regulamentario máis aló da redacción e espírito da bonificación potestativa, que é o que concorre na redacción dada no ano 2018.

Deste xeito, tanto o artigo 8 da LXT, coma o artigo 9 do TRLFL, trasladan a necesaria reserva de lei para o establecemento de bonificacións, sendo a letra deste último a seguinte:

No podrán reconocerse otros beneficios fiscales en los tributos locales que los expresamente previstos en las normas con rango de ley o los derivados de la aplicación de los tratados internacionales.

No obstante, también podrán reconocerse los beneficios fiscales que las entidades locales establezcan en sus ordenanzas fiscales en los supuestos expresamente previstos por la ley.

A modificación operada no ano 2018, favorecía ó amparo do criterio de residencia no municipio, a bonificación a aquelas persoas xurídicas que acreditasen o empadramento dos seus empregados.

Como expoñerei a continuación, dito criterio é contrario ós principios de igualdade e de libre circulación de persoas, sen que poida servir para bonificar calquer tipo de tributo, sexa este unha taxa ou ben un imposto.

Entre los principios de la tributación local, y con fundamento en el principio de igualdad previsto en el art. 14 de la CE y 139 de la CE, figura el contemplado en el art. 6.c) del TRLHL, que deviene en prohibir aquellas medidas que supongan una limitación a la libre circulación de personas y capitales así como a la fijación de residencia de las mismas.

En esta línea, es reiterada la jurisprudencia y recientemente la STS de 20 de julio de 2023, la que determina la prohibición de fijar diferentes importes de la tasa según el empadronamiento o no de los usuarios en el municipio prestador del servicio.

Esta doctrina es extensible a otro tributo de carácter potestativo como es el ICIO, por lo que no cabe interferir en la residencia de las personas para aplicar bonificaciones que además de venir previstas en norma con rango de ley, dada su reserva prevista en el art. 8 de la LGT, no permiten una modulación más allá del sentido de la norma y con los límites derivados de una integración hermenéutica del ordenamiento jurídico.

SEGUNDA.- Segundo o artigo 111 da LBRL, os acordos de establecemento, supresión e ordenación de tributos locais, así como as modificacións das correspondentes ordenanzas fiscais, serán aprobados, publicados e entrarán en vigor, de acordo co disposto nas normas especiais reguladoras da imposición e ordenación de tributos locais.

O procedemento sería o mesmo que para a aprobación das ordenanzas que ven disposto no artigo 17 e 18 do TRLFL cun período de exposición pública de 30 días hábiles e a elevación do acordo provisional a definitivo no caso de non presentar reclamacións por parte dos interesados:

Artículo 17 Elaboración, publicación y publicidad de las ordenanzas fiscales

1. Los acuerdos provisionales adoptados por las corporaciones locales para el establecimiento, supresión y ordenación de tributos y para la fijación de los elementos necesarios en orden a la determinación de las respectivas cuotas tributarias, así como las aprobaciones y modificaciones de las correspondientes ordenanzas fiscales, se expondrán en el tablón de anuncios de la Entidad durante treinta días, como mínimo, dentro de los cuales los interesados podrán examinar el expediente y presentar las reclamaciones que estimen oportunas.

2. Las entidades locales publicarán, en todo caso, los anuncios de exposición en el boletín oficial de la provincia, o, en su caso, en el de la comunidad autónoma uniprovincial. Las diputaciones provinciales, los órganos de gobierno de las entidades supramunicipales y los ayuntamientos de población superior a 10.000 habitantes deberán publicarlos, además, en un diario de los de mayor difusión de la provincia, o de la comunidad autónoma uniprovincial.

3. Finalizado el período de exposición pública, las corporaciones locales adoptarán los acuerdos definitivos que procedan, resolviendo las reclamaciones que se hubieran presentado y aprobando la redacción definitiva de la ordenanza, su derogación o las modificaciones a que se refiera el acuerdo provisional. En el caso de que no se hubieran presentado reclamaciones, se entenderá definitivamente adoptado el acuerdo, hasta entonces provisional, sin necesidad de acuerdo plenario.

4. En todo caso, los acuerdos definitivos a que se refiere el apartado anterior, incluyendo los provisionales elevados automáticamente a tal categoría, y el texto íntegro de las ordenanzas o de sus modificaciones, habrán de ser publicados en el boletín oficial de la provincia o, en su caso, de la comunidad autónoma uniprovincial, sin que entren en vigor hasta que se haya llevado a cabo dicha publicación.

5. Las diputaciones provinciales, consejos, cabildos insulares y, en todo caso, las demás entidades locales cuando su población sea superior a 20.000 habitantes, editarán el texto íntegro de las ordenanzas fiscales reguladoras de sus tributos dentro del primer cuatrimestre del ejercicio económico correspondiente.

En todo caso, las entidades locales habrán de expedir copias de las ordenanzas fiscales publicadas a quienes las demanden.

Artículo 18. Interesados a los efectos de reclamar contra acuerdos provisionales

A los efectos de lo dispuesto en el apartado 1 del artículo anterior, tendrán la consideración de interesados:

- a) Los que tuvieran un interés directo o resulten afectados por tales acuerdos.
- b) Los colegios oficiales, cámaras oficiales, asociaciones y demás entidades legalmente constituidas para velar por los intereses profesionales, económicos o vecinales, cuando actúen en defensa de los que les son propios.

TERCEIRA.- En relación ó órgano competente para a súa aprobación, dacordo ó previsto no artigo 7 da LBRL que establece que as competencias deberán atribuírse por lei, é evidente que será o Pleno da Corporación á vista do artigo do artigo 22.2.d) da LBRL co quorum de maioría simple dos presentes.

CUARTA.- No exercicio da información activa, conforme ó artigo 7.e da Lei 19/2013 de 9 decembro, deberá publicarse no portal de transparencia municipal o documento unha vez aprobado definitivamente.

O Secretario
Francisco Javier Novoa Juiz

Ante mín, A Alcaldesa
Mónica Rodríguez Ordóñez

Realizada a tramitación legalmente establecida, proponse ao Pleno, previo ditame da Comisión Informativa de Contas, Facenda e Orzamentos, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal núm. 16, reguladora do imposto sobre construcións, instalacións e obras, concretamente o artigo 6º.- Bonificacións e deducións, quedando do seguinte xeito:

"Artigo 6.º.-Bonificacións e deducións.

Establécese un beneficio fiscal do 95% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ó Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

Establecese unha bonificación do 95% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que se instalen no Polígono Industrial de Vimianzo. A declaración de interese ou utilidade municipal corresponde ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do interesado, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros. Coa solicitude deberá achegarse unha



memoria da construción a realizar e memoria da iniciativa empresarial proxectada pomenorizando aqueles aspectos relacionados coa creación de novos postos de traballo.

Establécese unha bonificación do 95% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións, ou obras realizadas por agricultores ou gandeiros que queden afectas a dita actividade, sempre e cando a mesma sexa o medio fundamental de vida do solicitante da bonificación. A declaración de interese ou utilidade municipal corresponde ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude dos interesados, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros. Coa solicitude deberá achegarse a acreditación da condición de agricultor ou gandeiro, así como de que os ingresos por estas actividades supoñen máis do 50% da totalidade dos seus ingresos brutos, así como da afección da obra ou instalación á realización de dita actividade.”.

SEGUNDO.- Publicar este acordo no BOP da Coruña e no taboleiro de anuncios deste concello ao obxecto de que durante o prazo de 30 días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación no citado boletín oficial, os cidadáns poidan presentar reclamacións e suxestións que consideren oportunas.

De non se presentar reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

TERCEIRO.- O acordo de aprobación definitiva ou no seu caso, o provisional elevado automaticamente a aquela categoría, xunto co texto da modificación da ordenanza, publicarase no BOP da Coruña e no portal de transparencia deste concello.

O que asino en Vimianzo,
A alcaldesa,
Mónica Rodríguez Ordóñez
(documento asinado electrónicamente)”

Sometido o asunto a votación, a Comisión de Contas, Facenda e Orzamentos, por unanimidade dos seus membros presentes, emite ditame favorable á proposta de acordo.”

A Alcaldesa-Presidenta explica someramente o contido do ditame e as razóns desta modificación, xa que a bonificación premiaba ter persoal empadronado en Vimianzo, pero iso é complicado sen prexuízo de que lle encantaría, e amáis hai razóns xurídicas aludidas polo secretario que impiden o mantemento destas condicións.

D. José Manuel Rodríguez Blanco dí que é importante favorecer a implantación e que habería que ir máis aló, como a ampliación da nave de autobuses.

D. Benjamín Queiro Pérez aclara que non puideron asistir as comisión informativas por motivos profesionais e persoais de saúde, e concorda coa alcaldesa no senso de que manter esta bonificación nos termos dispostos, podería lastrar a implantación de empresas.

Concreta o contido da modificación do artigo 6 da ordenanza, suprimindo os aspectos relativos á criterios de residencialidade e empadramento, do que toma nota o secretario da corporación e conclúe como quedaría a redacción a aprobar inicialmente.

A Alcadesa-Presidenta refírese o sistema de aluguer e dereito de superficie que hai no polígono así como a necesidade urbanística de que as naves non poden estar no rural, senón que deben conferir no polígono industrial.

D. José Manuel Rodríguez Blanco discrepa xa que se todo vai para o polígono e non hai servizos no rural, os pobos irán morrendo.

A Alcadesa-Presidenta contesta que non se está a falar de apertura de pequenos negocios, e que hai que conciliar o uso residencial co industrial no rural e as normas impiden a implantación de grandes naves industriais.

Pásase a votación do asunto obténdose a aprobación por unanimidade dos membros presentes, quedando por tanto aprobado o ditame coa seguinte redacción da modificación da Ordenanza Fiscal núm. 16, ao existir un erro material:

"Artigo 6.º.-Bonificacións e deducións.

6.1.- Establécese un beneficio fiscal do 95% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que sexan declaradas de especial interese ou utilidade municipal por concorrer circunstancias sociais, culturais, histórico artísticas ou de fomento do emprego que xustifiquen tal declaración. Corresponderá dita declaración ó Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do suxeito pasivo, por voto favorable da maioría simple dos seus membros.

6.2. Establecese unha bonificación do 95% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións ou obras que se instalen no Polígono Industrial de Vimianzo. A declaración de interese ou utilidade municipal corresponde ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude do interesado, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros. Coa solicitude deberá achegarse unha memoria da construción a realizar e memoria da iniciativa empresarial proxectada pomenorizando aqueles aspectos relacionados coa creación de novos postos de traballo.

Establécese unha bonificación do 95% da cota do imposto a favor das construcións, instalacións, ou obras realizadas por agricultores ou gandeiros que queden afectas a dita actividade, sempre e cando a mesma sexa o medio fundamental de vida do solicitante da bonificación. A declaración de interese ou utilidade municipal corresponde ao Pleno da Corporación e acordarase, previa solicitude dos interesados, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros. Coa solicitude deberá achegarse a acreditación da condición de agricultor ou gandeiro, así como de que os ingresos por estas actividades supoñen máis do 50% da totalidade dos seus ingresos brutos, así como da afección da obra ou instalación á realización de dita actividade."

6.3.- Establécese unha bonificación do 50% da cota do imposto, por concorrer circunstancias de carácter cultural e histórico, a favor das obras de rehabilitación de vivendas e edificacións



tradicionais ou de singular valor arquitectónico, que supoñan a recuperación do uso residencial das mesmas.

Considerase edificacións tradicionais aquelas que cumpran dúas condicións (art. 33 Decreto 143/2016, polo que se aproba o regulamento da Lei do Solo de Galicia):

a) Que sexan identificables nas fotografías aéreas do «voo americano» do ano 1956.

b) Que teñan unha estrutura recoñecible como tradicional da arquitectura popular de Galicia.

Coa solicitude da bonificación achegárase unha copia do proxecto de obras obxecto da licenza urbanística solicitada, xunto cunha declaración responsable do cumprimento dos requisitos para obter a bonificación, así como o compromiso de presentar o certificado final das obras e as facturas polo custe total das obras ao seu remate.

A declaración de interese ou utilidade municipal corresponde ao Pleno da Corporación e acordárase, previa solicitude dos interesados, polo voto favorable da maioría simple dos seus membros.”.

3º.- Ditame sobre moción do Grupo Municipal do PsdeG-PSOE referente ao apagamento durante unhas horas de luces e música das actuacións nas festas locais para facilitar a asistencia de nenos/as e adultos con trastorno de espectro autista, problemas auditivos ou sensibilidade visual

O secretario da Corporación lee o ditame emitido pola Comisión de Benestar Social o 22 de marzo de 2024, que se reproduce a continuación:

“1. Proposta de ditame sobre moción do grupo municipal do PsdeG-PSOE referente ao apagamento durante unhas horas de luces e música das actuacións nas festas locais para facilitar a asistencia de nenos/as e adultos con trastorno do espectro autista, problemas auditivos ou sensibilidade visual

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do PsdeG-PSOE referente ao apagamento durante unhas horas de luces e música das actuacións nas festas locais para facilitar a asistencia de nenos/as e adultos con trastorno do espectro autista, problemas auditivos ou sensibilidade visual, que tivo entrada no Rexistro Xeral na data do 19 de marzo de 2024, con RE 202400000000969, que dí o seguinte:

“MOCIÓN EN DEFENSA DUNHAS FESTAS INCLUSIVAS E APTAS PARA TODOS OS PÚBLICOS

O Grupo Municipal Socialista do Concello de Vimianzo, de acordo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno a seguinte Proposta de MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Municipal Socialista faise eco das demandas da Asociación Paseniño en relación ás festas e eventos públicos que se realicen no noso municipio.



Dende a asociación Paseniño piden a todos os concellos da Costa da Morte que apaguen durante unhas horas as luces e a música das atraccións da rúa nas festas locais, co obxectivo de **facilitar a asistencia de nenos e adultos con trastorno do espectro autista, problemas auditivos o sensibilidade visual**, ofrecendo unha experiencia libre destes estímulos sensoriais.

Tendo en conta a aceptación da iniciativa noutras moitas festas e xornadas en anos anteriores, consideramos que se debe ter en conta en todas aquelas celebracións do noso concello, para que sexamos sempre un espazo amigable para as persoas con máis dificultades.

Todos os cidadáns merecen desfrutar das festas.

Polo exposto, o grupo municipal do PSdeG-PSOE propón a adopción do seguinte acordo:

Instar ás comisións organizadoras das festas locais a:

A **anunciar nas redes sociais** os horarios e días nos que haberá **bombas de palenque**.

A **solicitar ás atraccións situadas na rúa** que durante un **mínimo de 2 horas** ditas atraccións apaguen as luces e a música, **non podendo estar pechadas durante esas horas**.

A que se **faga público o horario do exposto no punto anterior nas redes sociais, así como en formato físico (cartel ou panel informativo) na zona onde estean as atraccións**.

Garantir e **facilitar a asistencia** de nenos e adultos con trastorno do espectro autista, problemas auditivos ou sensibilidade visual, ofrecendo unha experiencia libre destes estímulos sensoriais."

Sometido o asunto a votación, a Comisión informativa de Benestar Social, por unanimidade dos seus membros presentes, emite ditame favorable á proposta de acordo."

A Alcadesa-Presidenta explica que estamos ante unha recomendación a trasladar ós organizadores das festas, sobre todo en relación coas bombas de palenque que afectan a xente con determinadas patoloxías que lles impiden saír á rúa.

D. Jose Manuel Rodríguez Blanco está dacordo.

D. Benjamín Queiro Pérez está dacordo.

Pásase a votación do asunto obténdose a aprobación por unanimidade dos membros presentes, quedando por tanto aprobado o ditame.

B) Sección de control

4º. Dación de conta de resolucións da Alcaldía-Presidentencia.

O Secretario dá conta dos números de Resolución da Alcaldía adoptadas dende o día 06-02-2024 con número 107/2024 ata o día 22-03-2024 con número 349/2024.

O Pleno do Concello douse por enterado.



5º. Dación de conta da aprobación da liquidación do orzamento do exercicio 2023.

Dáse conta da Resolución da Alcaldía núm. 229/2024, do 4 de marzo de 2024, na que se resolve aprobar a liquidación do orzamento xeral para o exercicio 2023.

O Pleno do Concello douse por enterado.

6º. Dación de conta da xustificación das aportacións por parte do Concello aos grupos políticos municipais no ano 2023.

O Interventor da conta das aportacións anuais aos diferentes grupos políticos municipais e traslada que foron debidamente xustificadas.

O Pleno do Concello douse por enterado.

7º. Mocións de urxencia.

7.1. D. Benjamín Queiro Pérez manifesta que presentaran dúas mocións para levar a pleno que non se elevaron e as traen por urxencia.

A primeira respecto a falta de adecuación das NNSS do Concello de Vimianzo e Camariñas ós lindes dos concellos.

O Secretario explica a diferenza entre rectificación de erros materias das NNSS e a tramitación dun novo deslinde, xa que hai un oficial de 1930.

A Alcaldesa-Presidenta comprométese a estudialo, pero non é urxente e o asunto é complexo e pedirá informes a Secretaria e urbanismo sobre o mesmo o vindeiro luns.

D. Benjamín Queiro Pérez xustifica a urxencia en que xa se tratou o asunto en Camariñas e aquí non se levou ás comisións informativas nin á orde do día do pleno.

A Alcaldesa-Presidenta dí que non tiña formato de moción nin e adecuada a xustificación da urxencia.

Pásase a votar a súa inclusión por maioría absoluta do número legal dos membros da corporación (7), obténdose o seguinte resultado:

- A FAVOR: 3 votos (2 BNG e 1 Grupo Mixto-PP)
- EN CONTRA: 9 votos do PSdeG-PSOE

Non obtendo o quorum esixido legalmente para incluír o asunto para o debate e votación, queda excluído da Orde do Día.



7.2. Preséntase por D. Benjamín Queiro Pérez moción de urxencia referente á necesidade de emitir unha postura firme de condeá ao xenocidio palestino por parte do goberno de Israel coa complicidade da UE.

A Alcaldesa-Presidenta considera que se ben, son solidarios é están a favor do contido, non se xustifica a urxencia de elevar esta moción. E amáis non se avisou da ausencia nas comisións por parte do seu grupo (BNG), sendo obriga de asistir e avisar no seu caso.

D. Benjamín Queiro Pérez dí que se non quere debatila que non o faga pero que non se escude en temas técnicos.

Pásase a votar a súa inclusión por maioría absoluta do número legal dos membros da corporación (7), obténdose o seguinte resultado:

- A FAVOR: 3 votos (2 BNG e 1 Grupo Mixto-PP)
- EN CONTRA: 9 votos do PSdeG-PSOE

Non obtendo o quorum esixido legalmente para incluír o asunto para o debate e votación, queda excluído da Orde do Día.

A continuación entrase en un debate agrio entre a Alcaldesa-Presidenta e os voceiros do BNG, respecto a necesidade de avisar en relación coa ausencia nas comisións informativas dos membros da mesma, e o dereito a protección da saúde e intimidade.

7.3. Moción referente ao apoio ás reivindicacións dos colectivos feministas con motivo da celebración do 8M

D. Benjamín Queiro Pérez xustifica que por razóns profesionais e de saúde non se puido asistir ás comisións informativas e por tanto presenta a moción de urxencia deste asunto, que ten sentido a urxencia xa que a data do acontecemento é recente.

A Alcaldesa-Presidenta contesta que a data xa pasou, e que non hai urxencia por tanto e non se poden xerar precedentes nese sentido, non porque non estean a favor do contido da moción, senón porque non están dacordo coa urxencia aludida e propoñe que se leve ó seguinte Pleno ordinario.

Pásase a votar a súa inclusión por maioría absoluta do número legal dos membros da corporación (7), obténdose o seguinte resultado:

- A FAVOR: 3 votos (2 BNG e 1 Grupo Mixto-PP)
- EN CONTRA: 9 votos do PSdeG-PSOE

Non obtendo o quorum esixido legalmente para incluír o asunto para o debate e votación, queda excluído da Orde de Día.

8º. Rogos e preguntas.



D. José Manuel Rodríguez Blanco, pregunta e roga:

- En relación cos radiadores e demais mobiliario que hai na escola unitario, se se van a recoller ou non.
- O mesmo no Centro Cultural de Baíñas.
- Roga se explique o tema do deslinde municipal, xa que Camariñas empezou os trámites.
- Pregunta que vai pasar coas fochanzas de Baíñas que levan así tempo.
- Respecto o remate da obra da ponte de Orbellido e camiños rurais.
- Pregunta se hai convenio con empresas para a limpa das velutinas xa que entende que estamos adheridos ó convenio da Fegamp para núcleo rural.

D. Benjamín Queiro Pérez, pregunta e roga:

- En relación á necesidade de arranxar a vía de Castromil con Careixo.
- En relación coa desaparición da marquesiña no cruce de Careixo
- En relación coa plataforma ecoloxista Vendaval que deu unha charla no Auditorio municipal sobre o parque eólico en Cambeda e Castrelo, e non se trasladou información á páxina web municipal.
- Cal será a postura municipal respecto ó anuncio dun novo Parque Eólico en Vimianzo.

A Alcaldesa-Presidenta responde en relación co mobiliario de Baíñas, que se está a ir recollendo.

Respecto ó deslinde con Camariñas, reitera que o formato da proposta presentada polo BNG non foi o de moción, e que é necesario que nos entendamos con este concello antes de facer nada tendo dúas opcións, ou rectificar as NNSS ou ben afectar ó deslinde. Comenta que o luns fará providencia solicitando informes técnicos e de secretaría respecto a este asunto e logo se decidirá en conxunto.

En relación cos focanchos de Baíñas, volve a recordar que a carretera é de titularidade autonómica e que falou con persoal da Xunta de Galicia responsable, reclamando ó seu arranxo, e sempre o fixo o organismo autonómico polo que non se entende porque agora ten que ser diferente non sendo competencia municipal.

Respecto de Orbellido, salvo algún detalle a obra está rematada.

En alusión ás velutinas, recorda que hai un convenio suscrito coa Xunta de Galicia, no que a parte autonómica que é a de retirada, non a cumpre e normalmente, ten que ir o concello a facelo. Amáis, hai que ter en conta que o terni municipal é moi extenso e non se da a basto e non se ten xente especializada.

En relación a limpeza de núcleos, hai un convenio tamén, para axuda a suministro de gasoil e contratación de tractorista, comenta que vai a confirmar as condicións.



En resposta ó asunto do camiño de Castromil a Careixo, responde que se trata de facer un plan de camiños financiado co AGADER, e cando se sacou a segunda fase se fixeron fotos pero o inverno volveu a facer estragos.

Respecto á marquesiña, dí que se vai a repoñer.

Por último, en relación á Asociación Vendaval, traslada que o concello non debe posicionarse en pro de ningunha asociación, e non se ten constancia deses parques que comentan e cando se tramite o expediente xa se informará, o que non cabe e buscar confrontación con este asunto e a única postura do concello será a legal.

Non tendo máis asuntos que tratar, sendo as 10:38 horas a Alcaldesa-Presidenta levanta a sesión, e eu como Secretario do Pleno redacto este borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o 27 de marzo de 2024 do calendario do noso señor Jesucristo.

A alcaldesa
Mónica Ródriguez Ordóñez

O Secretario Xeral
Francisco Javier Novoa Juiz